



Grupo Municipal
RIBEIRA

M^a DOMINGA BRION SANMIGUEL, Concelleira-portavoz do grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte **solicitud** diante da **Corporación Municipal** en relación **coa EDAR de Ribeira que se pretende ubicar en Aguiño**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Un ano despois volvemos a asistir ao fogo cruzado de declaracións acusatorias e ameazantes entre a Consellaría de Medio Ambiente e o Goberno do PP a respecto da EDAR de Ribeira. Mentres tanto, a cidadanía de Ribeira e a de toda a Ría da Arousa, ten que padecer as consecuencias derivadas de que quen nos goberna non fixera todo o necesario, alomenos até o de agora, para que as augas residuais do noso Concello conten cun sistema de depuración acaído.

O día 30 de xullo do 2007 a Corporación Municipal de Ribeira aprobou por unanimidade dunha iniciativa do BNG que recolle as demandas veciñais, e que nós presentamos en Pleno en base a un compromiso acadado nunha xuntanza organizada pola Comisión Veciñal de Aguiño, hoxe Asociación Sagres, o 19 de xullo do 2007, na que participamos xunto coas Voceiras do PP e IPdeR e co Voceiro do PSOE. O acordo acadado foi:

- 1. Que o proxecto da EDAR de Ribeira se someta aos trámites de Avaliación de Impacto Ambiental e de Avaliación Estratéxica da Sostibilidade.**
- 2. Que se solicite da Xunta de Galicia unha depuradora específica para o Polígono Industrial de Xarás.**
- 3. Que, en todo caso, o emisario se prolongue até augas profundas, fóra da enseada en augas con correntes oceánicas, onde se asegure o mínimo impacto e unha rápida dilución e difusión no medio receptor.**
- 4. Que o incremento na intensidade de uso do espazo destinado á planta depuradora vaia acompañado das preceptivas medidas compensatorias.**

Considerando fundamental abordar o saneamento integral do noso Concello, débese valorar tamén que o xeito de levalo a cabo non debe hipotecar o futuro do noso patrimonio natural, económico e social. Pensamos que decisións non acaídas tomadas ata o momento non deben impedir avanzar nun acordo que supoña acadar o obxectivo fundamental (o saneamento integral) da maneira máis sostible e consensuada posible.

Por todo isto o Grupo Municipal do BNG, diante da **Corporación Municipal**,

SOLICITA:

- 1. Que se respecte e faga valer o acordo acadado por unanimidade de toda a Corporación Municipal de Ribeira o día 30 de xullo do 2007.**
- 2. Que o Goberno Municipal realice as xestións necesarias diante da Consellaría de Medio Ambiente para acadar un entendemento a fin de que o Concello de Ribeira poida contar canto antes co saneamento integral para as súas augas residuais da maneira máis sostibel e consensuada posibel.**
- 3. Que por parte do Goberno Municipal se lle dea traslado a este Grupo Municipal da documentación remitida a Medio Ambiente relativa a terceira ubicación proposta para a EDAR.**

Ribeira, 30 de outubro de 2008
Asdo.: M^a Dominga Brion Sanmiguel

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA